



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

CONVOCATORIA

Vista a relación de expedientes concluídos posta a disposición desta Alcaldía pola Secretaría Xeral con data 8 de febreiro de 2021, a efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará o día 9 de febreiro de 2021.

Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».

Visto canto antecede, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, mediante o presente escrito convócaselle á sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará por medios telemáticos (videoconferencia) o próximo día 9 de febreiro de 2021 ás 13:45 horas, en primeira convocatoria, e procederáse en segunda de acordo co estipulado no artigo 113.1.c) do R.O.F., coa seguinte:

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DE 29.01.2021.**
- 2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2019/U022/000013**
- 3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2020/U022/000005**
- 4. PROPOSTA APROBACION RELACION F-2021-7**
- 5. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 56/2021, de data 01.02.2021-ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**
- 6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 47-2021 DE 26 DE XANEIRO: ACORDO DE NON DIVIDIR EN LOTES O PROXECTO DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AV. ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS+COMPLEMENTARIO 1-2021**
- 7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 37-2021 DE 25 DE XANEIRO: ACORDO DE NON DIVIDIR EN LOTES O PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE FIRME NA AV. ESPAÑA E CAMIÑO PITILLEIRA. POS+2021**
- 8. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 38-2021 DE 25 DE XANEIRO: ACORDO DE NON DIVIDIR EN LOTES O PROXECTO DE REPARACIÓN DE CUBERTA NOS ESCOLARES DE SAA E SISALDE MAIOR. POS+2021**
- 9. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO "SUBMINISTRO DEL ÁMPADAS LED NAS RÚAS NOSA SEÑORA DO MAR, SALINAS E OUTRAS"**
- 10. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO "SUBMINISTRO DE LÁMPADAS LED NOS LUGARES DE A BOUZA, PURREI E OUTROS"**



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

11. ASUNTOS VARIOS

A partir desta data ten Vde. á súa disposición, na Secretaría desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

Así mesmo, tendo en conta que a Xunta de Goberno Local realizarase por medios telemáticos, remitiráselles ós concelleiros a documentación relacionada cos asuntos que figuran na orde do día por correo electrónico.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.